

Expediente nº: 433/2023

Memoria Xustificativa

Procedemento: Contrato de servizos por Procedemento Aberto

Asunto: Contrato da servizos “Servizo Axuda no Fogar Libre Concorrencia e Dependencia Concello de A Lama”

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE SERVIZOS “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA”

1. INTRODUCCIÓN

O servizo de axuda no fogar, segundo a Orde do 22 de xaneiro de 2009 (DOG N° 22 de 02/02/2009), é un servizo público de carácter local, que ten por obxecto prestar un conxunto de atención ás persoas no seu domicilio, dende una perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Os destinatarios/as son persoas ou unidades de convivencia para as que, de conformidade coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

O obxectivo desta memoria xustificativa é realizar unha análise do programa de axuda no fogar co fin de establecer un contrato cunha empresa prestataria do servizo.

2. DESCRICIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

a. Situación na institución

A Lama é un concello rural onde a poboación está dispersada polas dez parroquias que o constitúen, situándose afastado do núcleo de servizos públicos e mostrando unha precaria situación de comunicación cos mesmos. Este motivo xunto co elevado índice de envellecemento fai que sexa necesaria a contratación dunha empresa prestadora do Servizo de Axuda no Fogar para cubrir ás necesidades básicas das persoas maiores e persoas con discapacidade.

O obxectivo da contratación dunha empresa prestadora do Servizo de Axuda no Fogar é ofrecer o dereito que teñen as persoas maiores e/ou con discapacidade que non poden valerse por si mesmas a ser atendidas polos poderes públicos a través do Sistema de Dependencia, segundo a Lei de Dependencia.



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Teléfono: 986 768 238

Deste xeito, as persoas dependentes, é dicir, aquelas que necesitan axuda para realizar as actividades básicas da vida diaria, terán garantido o acceso a Servizos Sociais, entre os cales se encontra a Axuda no Fogar ou as prestacións económicas que necesiten.

De non cubrirse esta necesidade, a poboación do Concello de A Lama non poderá beneficiarse do dereito, nin dos servizos e prestacións que teñen as persoas maiores e/ou con discapacidade

b. Marco Normativo

Existe un amplo abano legislativo que regula este servizo, tanto a nivel estatal, como autonómico ou local.

Nivel Estatal:

- Constitución Española, nos artigos 1, 9 e 14.
- Lei 39/2006, do 14 de decembro (BOE 15/12/2006) de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, e o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento.

Nivel Autonómico:

- Orde do 22/01/2009 (DOG 18/12/2009) pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar.
- Lei 13/2008 do 03/12/2008 (DOG 18/12/2009) de Servizos Sociais de Galicia.
- Modelo de ordenanza reguladora do SAF (actualizado ao Decreto 149/2013 polo que se define a carteira de Servizos Sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Decreto 254/2011 do 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos Servizos Sociais en Galicia.
- Orde do 19 de abril de 2013 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro do 2012 polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Teléfono: 986 768 238

Nível Local:

- Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de A Lama.

Tamén hai que ter en conta calquera outra normativa desenvolta no ámbito dos Servizos Sociais vencellados ao Servizo de Axuda no Fogar e disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade e hixiene no traballo.

3. OBXECTO DO CONTRATO

O concello de A Lama convoca procedemento aberto ordinario para contratar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de A Lama.

O obxecto do contrato é a prestación do Servizo de Axuda no Fogar (CPV 85300000-2) do Concello de A Lama orientado a garantir unha cobertura para paliar as necesidades e a atención persoal de persoas e/ou familias que se atopen nunha situación de falta de autonomía ou en situación de risco por non poder levar a cabo as necesidades básicas e instrumentais da vida diaria.

4. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que o concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo e en concreto no apartado 2.e) establece que: *O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as seguintes materias:.....e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

5. ANÁLISE TÉCNICA

Preténdese promover a autonomía persoal e garantir a atención e protección ás persoas en situación de dependencia en todo o territorio do Estado coa colaboración e participación de tódalas Administracións Públicas no exercicio das súas competencias como é no caso do Concello de A Lama.



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Teléfono: 986 768 238

Segundo a Lei de Dependencia, o servizo de Axuda no Fogar está formado por un conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia coa finalidade de atender as súas necesidades da vida diaria e incrementar a súa autonomía, posibilitando a permanencia no seu domicilio o maior tempo posible.

O acceso dos usuarios ao SAF a través do sistema de Dependencia trouxo consigo un cambio na concepción do servizo, potenciando as tarefas orientadas ao benestar e ao desenvolvemento propio do usuario.

Deste mesmo xeito, as persoas que non se atopan nunha situación concreta de Dependencia poden acceder tamén ao SAF a través da modalidade libre concorrência. Os/as usuarios/as desta modalidade están sufrindo un significado descenso a medida que un maior número de persoas accederon ás prestacións derivadas da Lei de Dependencia.

6. VALOR ESTIMADO

Sínálase como tipo máximo de licitación a cantidade de:

- **Servizo de modalidade de dependencia**: 20,00 €/hora + 0,80 € correspondente ó importe do IVE (4%) facendo un total de 20,80 €/hora (prezo tanto para hora ordinaria como extraordinaria).
- **Servizo de modalidade de libre concorrência**: 20,00 €/hora + 0,80 € correspondente ó importe do IVE (4%) facendo un total de 20,80 €/hora (prezo tanto para hora ordinaria como extraordinaria).

A tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos ofertados encóntranse incluídas todas as contraprestacións económicas dos custos do servizo (materiais, transportes, impostos, tributos ou de calquera outra índole), como os de organización técnica e empresarial do persoal asignado a súa prestación e a súa formación. Igualmente coas substitucións, baixas temporais, gastos xerais e todos os gastos que se orixinen á empresa adxudicataria como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas na presente memoria.

As ofertas económicas que presenten os licitadores, non poderán superar en ningún caso o importe sinalado como orzamento base de licitación, e indicarán separadamente o importe do IVE que debe ser repercutido ó Concello de A Lama.



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Teléfono: 986 768 238

Como indicativo para o cálculo do valor estimado do contrato, o histórico do volume de horas do servizo é de:

	2020	2021
Servizo de dependencia	8.122,5 horas/ano	8.773,2 horas/ano
Servizo de libre concorrencia	1.845,5 horas/ano	2.610 horas/ano
Total	9.968 horas/ano	11.383,2 horas/ano

Atendendo as previsións do servizo na actualidade, estímase as seguintes cantidades, tendo en conta, que para cubrir posibles incidencias se calcula un 20% por enriba das horas actualmente activas

LIBRE CONCORRENCIA

171 hs/mes + 20% = 205,2 hs/mes

ESTIMACIÓN MENSUAL

HORAS	PRECIO/HORA	TOTAL S/ IVE	IVE	TOTAL
205,2	20 €	4.104 €	164,16 €	4268,16 €

ESTIMACIÓN ANUAL

4.268,16 €/MES * 12 MESES = **51.217,92 €**

DEPENDENCIA

757 hs/mes + 20% = 908,4 hs/mes

ESTIMACIÓN MENSUAL

HORAS	PRECIO/HORA	TOTAL S/ IVE	IVE	TOTAL
908,4	20 €	18.168 €	726,72 €	18.894,72 €

ESTIMACIÓN ANUAL

18.894,72 €/MES * 12 MESES = **226.736,64 €**



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Teléfono: 986 768 238

Total coste servizo anual : 277.954,56 €

7. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

O Servizo de Axuda no Fogar do Concello de A Lama financíase do seguinte xeito:

- Libre concorrência: subvención da Deputación Provincial de Pontevedra en virtude de convenio, aportación dos beneficiarios e aportación municipal.

Tendo en conta a última liquidación do exercicio 2022 o coste deste servizo anual ascendeu á cantidade de **43.712,93**, dos cales 27.824,35€ (63,65%) foi achega da Deputación Provincial de Pontevedra, 6.503,20 € (14,87%) foi aportación dos beneficiarios e o restante (21,57%) de aportación municipal do concello con cargo a fondos propios.

- Dependencia: subvención da Xunta de Galicia, aportación dos beneficiarios e aportación municipal.

Tendo en conta a última liquidación do exercicio 2022 o coste deste servizo anual ascendeu á cantidade de **138.823,04€**, dos cales 92.065,49 € (66,32%) foi achega da Xunta de Galicia, 13.185,59 € (9,50%) foi aportación dos beneficiarios e o restante (24,18%) de aportación municipal do concello con cargo a fondos propios.

Facer constar que non é preciso formalizar ningunha operación de crédito para financiar esta contratación e que se vai cumprir co período medio de pago a provedores.

O gasto previsto anual atópase recollido no Orzamento Municipal do exercicio 2023 na partida 231-227.99 e os ingresos nas partidas 311, 45002 e 461 de ingresos, polo tanto, a presente contratación non vai supoñer incumprimento da estabilidade orzamentaria ou sustentabilidade financeira.

8. ANÁLISE DO PROCEDIMENTO

- a. Análise de Execución



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Teléfono: 986 768 238

A execución do Servizo de Axuda no Fogar estímase procedente que se realice sen diferenciar entre as modalidades de libre concorrencia e dependencia, é dicir, sen dividir en lotes.

O obxecto do contrato non se divide en lotes co fin de garantir a uniformidade na prestación do servizo, contar cunha maior coordinación cos servizos sociais do concello e pola necesidade de contar cun único interlocutor responsable da súa execución.

O Concello de A Lama ten un elevado índice de envellecemento que xunto á situación xeográfica e a súa disposición terrestre dificulta en moitas ocasións a atención sociosanitaria e a comunicación da poboación.

Como consecuencia aumenta a demanda do Servizo de Axuda no Fogar por ambas as dúas modalidades. Libre concorrencia en moitas ocasións é o recurso que dispón o/a usuario/a ata que accede aos recursos e prestacións da Lei de Dependencia. É un trámite moi habitual que os usuario/as, na meirande parte dos casos persoas maiores, cambien de modalidade. Por iso é fundamental que tanto libre concorrencia como dependencia o leve a mesma empresa prestadora do servizo, para poder garantir aos usuarios/as unha estabilidade e un servizo de calidade que facilite mellorar as condicións dos usuarios/as.

Unha peza imprescindible cando se fala de servizo de calidade é a función do/a auxiliar. Unha vez que o usuario/a se acostuma ao profesional que leva a cabo o servizo e este se adapte ao entorno do usuario/a é moi importante manter esa situación de normalidade e non xerar desestabilidade, especialmente cando se trata de usuarios/as con demencia.

Tamén hai que ter en conta que a modalidade de libre concorrencia é unha medida para a atención de urxencias no municipio, xa que pola media de idade dos habitantes é frecuente que se incorporen usuarios/as novos nos que se agrava a súa situación médica. Por iso é preciso que a empresa prestadora teña plena dispoñibilidade e capacidade resolutiva ante a xestión de casos urxentes, sendo máis doada a comunicación cunha soa empresa prestadora.

A elección dunha única empresa prestadora do servizo non só facilita a comunicación e a xestión entre o concello e a empresa, senón que tamén é moito máis doado para as familias e para o entorno do usuario/a. En moitas ocasións no mesmo domicilio lévanse a cabo servizos diferentes (libre concorrencia e dependencia) e pode chegar a ser un obstáculo que o/a coidador/a habitual teña que comunicar incidencias ou notificacións a empresas distintas.



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Teléfono: 986 768 238

Trátase dun contrato de servizos e de conformidade co artigo 156 e ss da LCSP o procedemento de adxudicación será aberto, garantindo a máxima igualdade, non discriminación e concorrencia no proceso de licitación.

b. Duración

O prazo de execución do contrato será dunha duración de dous anos con prórroga de outros dos sendo unha duración máxima de catro anos debendo desenvolverse ininterrumpidamente durante dito período.

Non se contempla a posibilidade de prórroga.

9. INSUFICIENCIA DE MEDIOS

A necesidade administrativa de contratar unha empresa prestadora do Servizo de Axuda no Fogar ven imposta pola insuficiencia de medios materiais e humanos cos que conta o Concello de A Lama para prestalos de forma directa. Como consecuencia da insuficiencia de recursos propios se procederá á contratación con medios externos.

10. CONCLUSIÓNS

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo de especial importancia a nivel municipal para dar cobertura as persoas maiores e/ou en situación de dependencia. Está orientado a mellorar a calidade de vida das persoas beneficiarias e axudar nas actividades básicas e instrumentais da vida diaria.

Garantir este servizo é primordial, xa que está contextualizado nun entorno rural, no que a accesibilidade a outros servizos é máis difícil pola localización. Tamén hai que destacar que se fai imprescindible ao ter en conta que a maior parte da poboación está envellecida, precisando maior atención.

A Lama, na data que figura á marxe.

A Traballadora Social,

Mónica Barreiro Estévez



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Teléfono: 986 768 238

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

